

INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA PARTICIPANTES NA CARBALLO TRAIL RACE 2018

Comunicamos ós participantes na Carballo Trail Race 2018 aspectos importantes en canto ás normas a seguir durante a proba e outros servizos inherentes á mesma.

1º) A autorización outorgada polo organismo competente ó Concello de Carballo para a celebración da mesma estipula que **o organizador debe comunicar ós participantes a obrigatoriedade de cumprir o seguinte condicionado:**

- Os participantes na proba deportiva **circularán por vías ou camiños existentes co fin de non invadir nin afectar á vexetación adxacente.**
- Ao longo de todo o percorrido **non poderá atravesarse o leito de regos, ríos ou regatos, nin invadir ou afectar vexetación asociada ao ámbito fluvial**, con fin de eviatar afeccións aos leitos, á biodiversidade ou ás condicións naturais das augas.
- **Evitarase a produción de ruidos innecesarios** que alteren a tranquilidade habitual das especie de fauna na zona.
- Dado que existen tramos do percorrido incluídos na Rede Natura 2000, e co fin de evitar posible afeccións sobre hábitats naturais de interese comunitario, **os participantes na proba deportiva circularán exclusivamente por viarios de libre tránsito, non podendo en ningún caso circular campo a través.(Zona de praia)**

2º) **COMUNICAMOS ASÍ MESMO UN NÚMERO DE CONTACTO DE DIRECCIÓN DE CARREIRA ÓS EFECTOS DE COMUNICAR CALQUERA PERCANCE QUE POIDA OCORRERLLE A UN DEPORTISTA E PARA O CAL PRECISE ASISTENCIA, DE NON ATOPARSE ESTA ACCESIBLE NO PUNTO DO INCIDENTE, QUE FIGURARÁ NOS DORSAIS: 616971345**

3º) Lembramos a necesidade de extremar as precaucións e normas xerais de tráfico para peóns por canto "Artigo 8.2.- O percorrido, incluída a parte que discurre por carreteras e rúas de poboacións non estarán pechados ó resto de usuarios das vías, debendo cumprir os participantes as normas xerais de tráfico para peóns e/ou as indicacións da organización." **Pese a que se contará con persoal para advertir e sinalizar, débese destacar que aproximadamente nos seguintes puntos Km cruzaránse transversalmente estradas asfaltadas, debendo extremar a precaución:**

1. **KM 4,6 (COINCIDENTE CON AVITUALLAMENTO 1)**
2. **KM 11,2**
3. **KM 15,9 (COINCIDENTE CON AVITUALLAMENTO 3)**

4º) **A OFICIÑA DE CARREIRA E RECOLLIDA DE DORSAIS (Sábado ou Domingo dende as 7:30 ate as 8:20 horas) está situada na META na Rúa Vila de Noia en Carballo.** Os participantes serán desprazados ate a saída en **autobús** que sairá ás **8:30 horas**, dispoñendo os deportistas de trail curto e primeiro tramo de relevos de duchas na meta do trail curto, e voltando en autobús á oficiña de carreira.

5º) **Lembramos:**

Recollida de dorsais. Piscina Vila de Noia, sita na rúa vila de Noia o día de celebración da proba dende as 7:30 horas.

Servizo de Desprazamento e Vestiarios para deportistas :

- Saídas dos autobuses dende a Piscina Vila de Noia ate o punto de saída e/ou relevo no caso de parellas.
- **Os autobuses tomarán a saída ás 8:30 h.** Os participantes que acudan polos seus medios á zona de saída, non serán trasladados á mesma pola organización ó remate da proba.
- Os participantes no trail curto serán retornados á Piscina Vila de Noia
- **Utilizaranse vestiarios en ambas metas, para o cal se deberá depositar a roupa na bolsas da cor correspondente a cada percorrido (10K ou 30K) e que se devolverán nas respectivas metas.**